

XENOFONTE

(Escolma para a ABAU-LOMLOE)

Bloque 2 (2º trimestre)

9. DESÁNIMO DOS GREGOS ANTE AS DIFICULTADES ÁS QUE SE ENFRONTAN (*Anábase 3.1.3*)

Con isto en mente e presos do desánimo, aquel serán poucos foron os que probaron a comida; outros poucos prenderon lumes, e moitos non foron aquela noite ós seus apousentos, senón que repousaron onde a cadaquén lle cadrou, incapaces de durmir pola tristura e a morriña da súa patria, dos seus pais, esposas e fillos, ós que, segundo crían, xamais volverían ver. Tal era o estado no que todos repousaban.

10. OS GREGOS FAN UN ALTO NA SÚA MARCHA (*Anábase 4.3.1*)

Tamén aquel día atoparon aloxamento nas aldeas que dominaban a chaira que se estende ó longo do río Centrites, de aproximadamente dous pletros de ancho, e que separa Armenia do país dos carducos. Alí os gregos respiraron contentos, á vista da chaira, pois o río distaba seis ou sete estadios das montañas dos carducos. Daquela acamparon con ledicia, provistos de todo o necesario e recordando as moitas penurias do pasado.

11. DESCRICIÓN DA REXIÓN DO RÍO TELEBOAS (*Anábase 4.4.3*)

Desde alí avanzaron en dúas xornadas dez parasangas, ata chegaren ás fontes do río Tigris. Desde alí avanzaron en tres xornadas quince parasangas ata o río Teleboas. Este era fermoso, grande, e non había moitas aldeas nas súas proximidades. O país aquel chamábase Armenia Occidental. O seu gobernador era Tiribazo, que se fixera amigo do rei: sempre que estaba presente, a ninguén máis se lle permitía axudar o rei a subir ó cabalo.

12. DESCRICIÓN DUN POBOADO ARMENIO (*Anábase 4.5.25*)

As casas eran subterráneas, cunha boca coma a dun pozo, pero anchas na parte inferior. As entradas para as bestas de carga eran uns furados, pero os humanos baixaban por unhas escaleiras. Dentro das casas había cabras, ovellas, vacas, aves, todas coas súas crías. Todos os animais eran alimentados dentro da casa con forraxe. Había tamén trigo, cebada, legumes e cervexa en xerras. Flotando naquel líquido había grans de cebada, e dentro había tamén unhas canas, unhas máis longas e outras máis curtas, sen unións. Sempre que alguén tiña sede,

metía as canas na boca para chuchar. Era unha bebida moi forte, agás que se rebaixase con auga, mais moi agradable cando un se afacía a ela.

13. O EXÉRCITO GREGO AVISTA POR FIN O MAR E ESTOUPA DE XÚBILO (*Anábase* 4.7.24)

E, de socato, escoitaron os berros dos soldados: “O mar, o mar!”, e a noticia que pasaba duns ós outros. Logo, todos deron en correr, mesmo os soldados da retagarda, e tamén corrían cara adiante as bestas de carga e os cabalos. Así que todos chegaron ó cumio, abrazáronse todos, xenerais e oficiais, chorando. De súpeto, sen que ninguén saiba quen deu a orde, os soldados trouxeron pedras e erixiron un gran túmulo.

14. OS GREGOS DESPIDEN O GUÍA (*Anábase* 4.7.27)

Despois disto, os gregos despediron o guía, entregándolle varios regalos tomados do fondo común: un cabalo, unha copa de prata, unhas roupaxes persas e dez daricos. O que el pedía con máis insistencia, porén, eran os aneis, e recibiu moitos de parte dos soldados. Tras amosarlles unha aldea onde acampar, e mais o camiño que seguirían ata o país dos macróns, así que chegou o serán, marchou coa idea de viaxar de noite. Desde aquel lugar, os gregos avanzaron, a través do país dos macróns, dez parasangas en tres xornadas.

15. OS GREGOS OFRECEN SACRIFICIOS (*Anábase* 4.8.25)

Despois disto, prepararon o sacrificio que prometeran. Así, chegaronlles suficientes bois para sacrificar a Zeus pola súa salvación, a Heracles pola súa guía, e ós demais deuses ós que llelo prometeran. Celebraron tamén unha competición deportiva na montaña na que estaban acampados. Elixiron a Draconcio, un espartano, que se exiliara da súa patria cando era neno, por matar accidentalmente outro neno dunha puñalada, para que se supervisase a carreira e organizase a competición.

16. UN BANQUETE (*Anábase* 6.1.4)

Tras sacrificar algúns bois do botín e outras vítimas, prepararon un festín abundante, cearon reclinados en diváns e beberon en copas feitas de corno de animal, que atoparon naquel lugar. Así que se fixeron as libacións e entoaron os peáns, dous tracios foron os primeiros en levantarse: bailaron ó son do óboe dobre e, vestidos coa súa armadura, deron altos e lixeiros saltos usando as dagas.

17. EFECTOS DO FRÍO (*Anábase* 7.4.3)

Estes, abandonando os seus fogares, fuxiron cara ás montañas. Había moita neve, e facía tanto frío que a auga e o viño que levaban para a cea se conxelou nas xerras. Ademais, a moitos dos gregos quedáronlles secos de frío os narices e as orellas. Daquela quedou claro por que os tracios cubrían a cabeza e as orellas con puchos de pel de raposo, e prendas de roupa, non só para o peito, senón tamén para as coxas.

APOLODORO

(Escolma para a ABAU-LOMLOE)

Bloque 2 (2º trimestre)

9. XASÓN DEBE PROCURAR O VÉLARO DE OURO (Apolodoro, *Biblioteca 1.9.16*).

Oíndo isto, Pelias ordenoulle marchar na busca do vélaro. Este atopábase na Cólquide, nun bosque de Ares, pendurado dunha aciñeira, e estaba vixiado por un dragón insomne. Enviado a por el, Xasón pediu axuda a Argo, o fillo de Frixo, e este, por consello de Atenea, construíu un barco de cincuenta remos, chamada *Argo* polo seu construtor.

10. AS FÉTIDAS LEMNIAS (Apolodoro, *Biblioteca 1.9.17*).

Estes, tras saír ó mar baixo o mando de Xasón, arribaron a Lemnos. Atopábase daquela Lemnos baleira de homes, e gobernada por Hipsípila, filla de Toante, por este motivo: as mulleres de Lemnos non veneraban a Afrodita, e esta lanzoulles un cheiro fétido, e por iso os que estaban casados con elas, tomando prisioneiras mulleres da veciña Tracia, uníranse a estas últimas. As de Lemnos, desprezadas, asesinaron os seus pais e maridos, e Hipsípila foi a única que salvou o seu pai Toante agochándoo.

11. MEDEA MATA OS SEUS FILLOS (Apolodoro, *Biblioteca 1.9.28*).

Matou os fillos que tivera de Xasón, Mérmero e Feres, e, tomando de Helios un carro de dragóns alados e fuxindo nel, chegou a Atenas. Disque, mentres fuxía, abandonou os nenos, que aínda non falaban, deixándoos como suplicantes no altar de Hera Acrea. Os corintios, expulsándoos de alí, matáronos a golpes. Medea chegou a Atenas, e alí, tras casar con Exeo, deu a luz un neno: Medo.

12. A QUIMERA, TRES FERAS NUNHA (Apolodoro, *Biblioteca 2.3.1*).

Ióbates, tras ler as cartas, ordenoulle matar a Quimera, crendo que sería aniquilado pola fera, pois non era unha empresa para un só home, senón para moitos: tiña a parte de diante de león, a cola de dragón, e a terceira cabeza, a central, de cabra, pola que exhalaba lume. Arrasaba a rexión e facía estragos nos rabaños, pois, sendo unha única criatura, posuía a forza de tres feras.

13. PERSEO MATA A MEDUSA, UNHA DAS TRES GORGONAS (Apolodoro, *Biblioteca 2.4.2*).

Eran estas Esteno, Euríale e Medusa. A única mortal era Medusa, e por iso Perseo foi enviado a conseguir a súa cabeza. As Gorgonas tiñan as cabezas cubertas de escamas de serpes, dentes grandes como de xabaríns, mans de bronce e ás de ouro, grazas ás cales voaban. Convertían en pedras a quen as miraba. Polo tanto, Perseo, situándose xunto a elas mentres durmían, e guiando a súa man Atenea, tras xirarse e mirar cara o escudo de bronce por medio do cal vía a imaxe da Gorgona, cortoulle a cabeza.

14. HERACLES: NACEMENTO (Apolodoro *Biblioteca* 2.4.8).

Alcmena tivo dous fillos: de Zeus, Heracles, maior por unha soa noite; e de Anfitrión, Ificles. Cando o rapaz tiña oito meses, Hera meteulle no berce dúas serpes xigantes, querendo matar a criatura. Mentres Alcmena chamaba a berros por Anfitrión, Heracles, erguéndose, acabou con elas esganando unha con cada man.

15. SEGUNDO TRABALLO (Apolodoro, *Biblioteca* 2.5.2).

Como segundo traballo, encargoulle matar a hidra de Lerna. Esta, criada no pantano de Lerna, baixaba á chaira e arrasaba cos rabaños e coa rexión. Tiña a hidra un corpo enorme, con nove cabezas, oito de elas mortais, e a do medio inmortal. Así, subindo a un carro e coa guía de Iolao, Heracles presentouse en Lerna. Detivo os cabalos, atopando a hidra nun outeiro onde as fontes do río Amímone.

16. NOVENO TRABALLO (Apolodoro, *Biblioteca* 2.5.9).

Como noveno traballo, encargoulle a Heracles conseguir o cinto de Hipólita. Esta era a raíña das Amazonas, unha raza sobranceira nas artes militares, que vivía nos arredores do río Termodonte. Practicaban exercicios virís e, se algunha vez, tras manter relacións sexuais, daban a luz, criaban só nenas. Ademais, comprimían o peito dereito para que non lles impedise disparar, pero conservaban o esquerdo, para aleitar. Tiña Hipólita o cinto de Ares, como símbolo da súa primacía sobre todas as demais. Heracles foi enviado na busca dese cinto.

17. TESEO: O LABIRINTO DE CRETA (Apolodoro, *Biblioteca*, 3.15.8).

Minos ordenoulles que enviasen sete mozos e o mesmo número de mozas, todos desarmados, como alimento para o Minotauro. Estaba este encerrado no labirinto, do que resultaba imposible saír a todo o que entrase, pois o propio labirinto impedía atopar a saída grazas ás súas intrincadas sinuosidades. Construírao Dédalo, fillo de Eupálamo, fillo á súa vez de Metión e Álcipe, pois

era o mellor arquitecto e o primeiro escultor. Exiliárase de Atenas por botar abaixo da Acrópole a Talo, fillo da súa irmá Pérdix, que era o seu discípulo, temendo que, dado o xeu enxeño, o superase.